

nos

DIARIO



CULTURA > 28

Audiovisual

**Alberte Pagán
recolle o premio
Cineuropa**

28 cultura

SEXTA FEIRA 19 DE NOVEMBRO DE 2021 NÓS DIARIO

Audiovisual

Alberte Pagán, recoñecido en Cineuropa

Redacción | Nós Diario

O cineasta galego Alberte Pagán (O Carballiño, 1965) recibiu esta quinta feira o premio Cineuropa a toda a súa traxectoria até o momento no festival de cinema que decore en Compostela. O tamén escritor, profesor e teórico -entre outras facetas- é considerado pola comunidade audiovisual como un autor de referencia dentro do cinema experimental galego.

Ao longo da súa vida profesional, Alberte Pagán ten organizado e comisariado diversas mostras sobre filmes experimentais e, ademais, asinou máis de 30 obras, algunhas das cales foron proxectadas hai uns días cando ofreceu unha aula maxistral no evento.

Ademais, a película que protagonizou o pase de homenaxe xa recibira o galardón Foco Galiza ao mellor documental galego de 2006 e tamén o II Premio de Cine-Ensaio Román Gubern da Universidade de Barcelona.

Galardóns e cultivo doutras facetas artísticas

Por outra parte, a peza *Pó de estrelas* foi considerada como unha das mellores curtametraxes do Estado español en 2007, como así o apoia o recoñecemento recibido. *Tanyaradzwa*, rodado en 2008, foi distinguido co premio ao mellor documental galego no Festival Play-Doc de Tui en 2010 e chegou a ser finalista do IV Premi de Cinema Assaig da Universidade Autónoma de Barcelona.

Pero Pagán non quedou só co cinema senón que tamén cultivou outras facetas creativas escribindo o ensaio *A voz do Trevón*. *Unha aproximación á Finnegans Wake*, sobre a última novela de James Joyce, que traduciu ao galego.

É autor do poemario *Proso-pagnosia*; das pezas teatrais agrupadas no libro *Como foi o conto e outras pezas teatrais* e da novela *Percorridos por unha teoría do desexo*.